CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Compartir a experiencia da lectura, relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	Mans á obra	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	PE	55
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes.	TI	45
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	- Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo do nivel competencial previo, procurarase unha aprendizaxe significativa, funcional e aplicable á realidade máis próxima do alumnado. Empregarase unha metodoloxía activa, baseada no pensamento crítico e reflexivo, e unha resolución lóxica de problemas, que fomente a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase á diversidade con propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas sobre destrezas con maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, reflexión lingüística, educación literaria, etc.).

A colaboración transversal co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar axudará a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional, mediante proxectos colaborativos e significativos para o alumnado.

Na materia de Lingua Castelá e Literatura, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades, organizadas por nivel de dificultade, a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos, dende o gran grupo para a corrección de tarefas, ata os pequenos grupos para o desenvolvemento de proxectos de investigación ou as actividades individuais nas probas escritas.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura en voz alta de textos propios do ámbito persoal, social e académico, escoita activa, comprensión oral e explicación da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes.

- 5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercicio de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, para ampliar o léxico do alumnado e resolver as dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia e a consulta da prensa dixital.

11) Utilización da Biblioteca escolar para a consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

* Denominación

Libro de texto para o alumnado:

- Miret, Mola, Arce, López: Reflejo. Lengua castellana y Literatura 1º ESO, editorial Teide.

Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.

Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias

Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.

Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.

Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.

Materiais de investigación e consulta.

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

Lectura obrigatoria dos seguintes títulos:

- 1ª avaliación: WOOLRISH, C.: El Ojo de Cristal y Charlie saldrá esta noche , Vicens Vives (Cucaña)

- 2ª avaliación: - ORTIZ, M.: La montaña del infierno, Bambú.

- La rosa de los vientos. Antología poética, Vicens Vives (Cucaña)

- 3ª avaliación: MIHURA, M.: Melocotón en almíbar, Teide

Lectura voluntaria do seguinte título:

- STONES, R.: Timantii, Montena.

A proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

Ademais, o emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Fíxose unha avaliación inicial do alumnado tendo en conta os seguintes apartados:

- Expresión escrita
- Comprensión lectora
- Coñecemento da lingua
- Lectura en voz alta
- Expresión oral

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	4	3	20	20	15	10	10	15	100
Proba escrita	100	100	90	95	100	100	90	0	55	81
Táboa de indicadores	0	0	10	5	0	0	10	100	45	19

Criterios de cualificación:

- 30%: Exame sobre procedementos e conceptos de Lingua incluída a teoría de modelos textuais e a ortografía .
- 20% Exame sobre procedementos e conceptos de Literatura.
- 15%: Exame escrito de lectura e comprensión do libro de lectura.
- 15%: Exame de elaboración de textos escritos e orais
- 15%: Exame escrito de comprensión de textos escritos e orais.
- 5%: Seguimento do alumno nas actividades diarias da clase.

A cualificación final será a media entre as medias obtidas nas tres avaliacións, tras as correspondentes recuperacións. Non haberá un exame de recuperación final.

Ademais, cabe destacar que, a final de curso, aqueles alumnos que non teñan que recuperar ningún dos exames de lectura realizados ao longo das tres avaliacións, terán a posibilidade de presentarse a unha proba de lectura optativa, que lles permitirá subir ata 0.5 puntos a súa nota final.

En 1º da ESO, as faltas de ortografía serán tidas en conta na cualificación dos exames e traballos. Farase cun desconto máximo de 0,25 puntos por cada palabra moi habitual que o profesorado considere de Primaria: ayer, ya, allí, abrir, ojos...en palabras que obedezan a regras ou especificamente traballadas. Tamén se poderá descontar un máximo de 0,5 por acentuación e 0,5 por mala caligrafía ou presentación.

Os descontos están fixados como máximos para permitir ao profesorado valorar o progreso realizado ao longo do curso e a gravidade das faltas.

Enténdense os descontos antes indicados sobre 10. Se se cualificase sobre outra puntuación, debería trasladarse ao equivalente.

O desconto máximo en cada exame escrito ou traballo será do 20% en 1ºESO. Nos exames de escritura de Secundaria non se aplicará este desconto por faltas senón que se valorará na cualificación deses exames (ou bloque en pendentes) como unha parte importante da redacción: a corrección.

O nivel de expresión xulgarase especificamente no exame de escritura, pero tamén se terá en conta na valoración global dos diferentes exames; un nivel suficiente en expresión é un mínimo central nesta material. Influirá a presentación, ortografía, caligrafía e redacción respectuosa das propiedades textuais. Así, a adecuación, coherencia e cohesión así como unha caligrafía lexible serán elementos de valoración cando se outorgue unha puntuación a unha pregunta. Farase de modo global xunto co contido.

Debemos constatar que se avaliarán tamén os procedementos. Así, como exemplo, nunha definición, avaliaremos o modo correcto de definir e a terminoloxía precisa.

A cualificación asignada a unha pregunta será proporcional ao número de erros, gardando relación con grao mínimo establecido nros criterios de a aliacion. Cabe, sen embargo, puntualizar o seguinte:

1. Naquelas preguntas nas que o número de respostas sexa moi limitado, a cualificación non será proporcional senón que se establecerá un número máximo de erros sobre o total, que será do 75%. Isto aplícase especialmente á ortografía ou a exames tipo test que se puideran realizar.

A lectura da obra obrigatoria é considerada como moi importante na medida na que o fomento da lectura vertebra o currículo. Tamén se valora como un factor moi importante que o alumnado demostre unha formación básica tanto en lingua como en literatura.

O alumno deberá presentar os traballos requiridos no prazo estipulado, entregar o caderno de aula cando llo requira o profesorado e participar das actividades diarias o que supón polo menos traer o material regularmente; así mesmo, non se debe amosar inhibición na medida na que sería imposible avaliar o seu progreso académico.

Se un alumno ou unha alumna non pode acudir a algún exame por razóns xustificadas, fará o exame o primeiro día que se incorpore á clase de Lingua Castelá e Literatura, entregando previamente o xustificante á profesora desta materia.

Criterios de recuperación:

Na ESO para aprobar é condición previa a continuidade no esforzo tal como o esixe o respecto á avaliación continua. A nota final non virá dada por un exame final senón pola avaliación continuada do alumno que mide o seu esforzo. Así pois, se un alumno foi suspendendo, non haberá un exame final que lle permita obter o aprobado pois iso daría unha imaxe equivocada do seu traballo ao longo do curso. Farase unha recuperación dos contidos de lingua e literatura por cada avaliación dentro do prazo dun mes, aproximadamente, posterior a esta. Rexerase polas seguintes normas:

1. Tras a recuperación, se o alumno baixa a súa nota, a que constará será a media entre a da avaliación e a da recuperación. Se sobe, a nota será a da recuperación.
2. Ao tratarse de ensino obrigatorio, se un alumno non asiste ao exame de recuperación, enténdese que é un "Non presentado" e para facer a media coa da avaliación, contará como un 0.
3. A recuperación das lecturas realizarase na terceira avaliación; cada alumno presentarse a aquelas que teña pendentes.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Nos exames de pendentes o baremo de cualificación será como segue para todo o alumnado da ESO:

15%: Lectura e comprensión do libro de lectura.

15%: Elaboración de textos escritos e/ou comprensión oral.

70%: Procedementos e conceptos tanto de Lingua como de Literatura.

Para o seguimento, a profesora de 2º ESO, subministrará ao alumnado material de repaso cara á preparación do exame.

Como consecuencia do anterior, faranse tres exames, un por cada avaliación. No mes de maio o alumnado deberá recuperar as partes suspensas, se corresponde. A nota final será a media das tres avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

O departamento de Orientación informará dos casos de alumnos con necesidades especiais.

Seguirase o protocolo establecido e as indicacións do departamento de orientación.

Lexislación: Protocolo publicado en educonvives.gal relativo a este tema (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.							X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores.	X				X	X	X	X
ET.3 - Formación estética.					X	X	X	
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes.					X		X	
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.					X	X	X	
ET.6 - Educación para a saúde.							X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.						X	X	

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	
ET.2 - Educación cívica e en valores.	
ET.3 - Formación estética.	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes.	
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	
ET.6 - Educación para a saúde.	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan para elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes participen en debates cos escritores e coñezan os motivos que levan aos autores a crear as súas obras.			
Asistencia a representacións teatrais	Sempre e cando sexa posible é recomendable a asistencia a algunha representación teatral relacionada co visto e estudado nos diferentes curriculums.			
Participación no clube de lectura	Esta actividade desenvolveráse coa colaboración do responsable da Biblioteca. Nela hai un club de lectura e sería interesante a participación do alumnado nél. Isto axudaría á convivencia e ao traballo en grupo.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, e as actividades que se realizarán.
Ao inicio das unidades didácticas con contidos máis divulgados, indágase sobre o coñecemento previo do alumnado.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado a estrutura do tema.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado.
As actividades propostas son variadas na medida en que o grupo e o desenvolvemento da materia o permitan.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, o desenvolvemento de técnicas de análise e redacción.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo as medidas de reforzo educativo se foron necesarias.
Leváronse a cabo as medidas de reforzo educativo se foron necesarias.
Propuxéronse actividades de ampliación se foron necesarias.
Realizáronse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.

Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Así sexa elaborada a programación, o alumnado coñecerá a materia que se estudará, o material que se utilizará, os procedementos de avaliación e o sistema de cualificación, este último referido tanto á avaliación como á recuperación.

Esta programación será obxecto de seguimento, e, polo tanto, poderá sufrir as modificacións imprescindibles sempre que estean moi fundamentadas. Na memoria final recolleranse as propostas de cambio para o curso próximo.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente o tempo destinado á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- Os criterios de avaliación e cualificación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

9. Outros apartados